

FREI MARTÍN SARMIENTO



DÍA DAS LETRAS
galegas

GRUPO DE EMPRESAS INTAF / TECMAN

INTAF, S.L.

INDUSTRIAS Y TALLERES FRANCO %



- Mecanizado Convencional y C.N.C.
- Calderería Media y Ligera
- Soldadura y Recargues Especiales
- Diseño y Construcción de Máquinas y Bienes de Equipo
- Mantenimiento Industrial

Tel: 981-397281 / Fax: 981-397282
E-Mail: general@intaf.com

Carretera de Cedeira, Km. 1,5
15407 / Freixo - Narón (A CORUÑA)
www.intaf.com



TECMAN

Mantenimiento y Servicios

- Mantenimiento Industrial y Reparaciones
- Montajes e Instalaciones
- Fabricación y Suministro de Racorería, Mangueras y Latiguillos
- Suministro de Repuestos y Equipos Industriales

Tel: 981-397283 / Fax: 981-397284
E-Mail: tecman@intaf.com

TRABAJANDO CON FIDELIDAD A NUESTROS
PRINCIPIOS FUNDAMENTALES DE
PROFESIONALIDAD, EFICACIA EN LA
RESPUESTA Y CALIDAD INTEGRADA EN LA
GESTIÓN, EN EL PRODUCTO Y EN EL SERVICIO
AL CLIENTE COMO FRUTO DE UN
EQUIPO HUMANO ALTAMENTE CUALIFICADO



A (intra)historia da lingua galega



Sob o reinado de Carlos III redíxese a Real Cédula de Aranjuez que implica a prohibición de calquer outra fórmula de expresión diferente.

MERCEDES QUEIXAS

Dáse por admitido na actualidade que o nacemento da lingua galega se remonta ao século IX, á par dos demais idiomas neolatinos, e que a primeira etapa das letras galegas se inicia a finais do século XII, inaugurando un período literario brillante e de referencia obrigada para a Europa do XIII, XIV e XV. Asistimos, pois, á vivencia da lingua galega nun status de plena normalidade durante apro-

A partir do século XV aconteceron sucesos que afectaron á evolución do galego

ximadamente 700 anos, isto é, até o século XV.

Unha normalidade lingüística e literaria que significa que o idioma galego era o único idioma de comunicación dos galegos (independentemente do chanzo da pirámide social ao que pertenceren e mais do interlocutor e do contexto comunicativo en que se relacionaren), a nivel oral e escrito, o que a todas luces dista ben da realidade actual, en que o uso do noso idioma, cal un simple monicreque, é guiado por unha serie de fíos invisíbeis, mais mediáticos, denominados prexuízos lingüísticos, que o obrigan a desaparecer da escena mundanal e, por veces, reaparecer timidamente, mais sen conseguir nunca acceder a un primeiro plano nin, moito menos, a un papel protagonista.

Mais, pola contra, parece non ter estado sempre tan claro que as causas dunha muda idiomática tan drástica sexan alleas ao propio idioma e tamén, en boa medida, non de todo voluntarias por parte dos galegos e galegas da historia.

Hoxe sabemos, grazas a importantes estudos diacrónicos do idioma galego, que a partir do século XV aconteceron moitos e variados sucesos de carácter extralingüístico que afectaron e condicionaron a evolución do galego durante os últimos 500 anos.

O galego non se converteu, pois, per se, nun idioma de segunda, mais tampouco os galegos, inconscientes, seguindo a condición da especie bífida animal, que precisa periodicamente a súa muda de pel, contribuíron ao abandono do idioma na fala e na escrita.

Hoxe somos coñecedores de que as fases sucesivas da nosa historia lingüística responderon a unha campaña orquestrada por diferentes órganos de poder guiados por un obxectivo común: a marxinalización do idioma e dos seus utentes, en coherencia cunha política de sometimento máis ampla do que desde a súa xénese fora o Reino de Galiza.

A teorización do Padre Sarmiento, crítica e precursor-

co inicio da perda da hexemonía política do Reino, e nomeou directamente os responsábeis do sometemento dunha identidade singular como a galega. Velaquí a reveladora reflexión de Sarmiento tirada do seu estudo Elementos etimológicos según el método de Euclides:

"No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía o en latín o en gallego. No habiendo pues precedido ni concilio, ni cortes, ni consentimiento uniforme de los gallegos para actuar, otorgar, comerciar en lengua castellana, ¿quién lo introdujo? La respuesta está patente que Galicia llora y llorará siempre; no los gallegos, sino los no gallegos que a principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras, sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües empleos así eclesiásticos como civiles. Esos han sido los que por no saber la lengua gallega ni por palabra ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro. A esos se debe atribuir la no continuación de escribir la lengua gallega por haber concurrido a Galicia tanta multitud de hombres de pluma que no sabiendo el idioma gallego se metieron a escribir castellano. Así, no son los gallegos los que cesaron de escribir en gallego sino los castellanos que comenzaron a escribir y actuar en castellano y pasaron a la barba de que los niños gallegos estudiasen el latín por la lengua castellana totalmente extraña para ellos".

Localicemos a temporalización e os responsábeis últimos:

"Después de la ley de Dn Alonso el Sabio, que mandó que todos los instrumentos se escribiesen, no en latín, sino en vulgar castellano, todos se escribieron en Galicia, y en gallego, hasta Carlos 5º. ¿Y por qué se ha omitido esto? Diré mi conjetura. En tiempo de los Reyes Católicos se incorporaron los Maestrazgos de las Ordenes Militares en la Corona. Sucedió la reforma

Alude aos inicios do noso problema lingüístico: a doma e castración do Reino

de los monjes negros, y la de los monjes blancos había precedido el año de 1440.

Con esta ocasión se inundó Galicia de hombres no gallegos y castellanos; merinos, jueces, escribanos, curas de almas, etc., eran provisiones de castellanos, y apenas se daba algún empleo a gallegos naturales".

Inicios do problema lingüístico

Sarmiento alude aos inicios do noso problema lingüístico, que non ten outra procedencia máis que a enunciada polo historiador Zurita baixo o lema da "doma e castración do Reino de Galiza", coa pretensión de someter este reino a unha política fortemente centralizada e uniforme. Mais, ¿como se pon en práctica o proceso castellanizador da sociedade galega monolingüe até entón? Sarmiento responsabiliza directamente á Administración, á Igrexa e ao Ensino, tres peares esenciais no control e destrución do pobo.

Canto á primeira, a Administración, convértese en albo de fortes críticas non só por ser abusiva, ineficaz e corrupta, senón, principalmente, por afastar o galego da relación oral e, ao fin, escrita cos administrados. Pre gúntase tamén Sarmiento pola aplicación da xustiza civil, depositada en mans de maxistrados vindos de fóra sen coñeceren a lingua, leis e costumes de Galiza.

O galego non se converteu, per se, nun idioma de segunda

ra como en tantos outros segmentos que configuran o seu idearium persoal ilustrado, é fortemente clarificadora e válida, malia o desfase cronolóxico de máis de 250 anos.

Na súa prédica, o frade beneditino, berciano de nacemento mais pontevedrés de vivencia e querencia, a partir de valoracións rigorosas e contrastadas empiricamente, datou cronoloxicamente o inicio da nosa decadencia lingüístico-literaria, cadrándoa